



PIONEIRAS - AS MARISCADORAS DE VIGO

Loitando por profesionalizárense



Maricha, Marisol, M^a Carmen e Charo son algunhas das primeiras integrantes da Agrupación de **Mariscadoras de Vigo**, logo de moitas loitas e esforzos por profesionalizaren o seu oficio nos bancos marisqueiros de Toralla, Sobreira, O Serral e Bouzas.

Rosa Marina Rivas, Maricha, naceu en Canido en 1956. O bisavó era mariñeiro; o oficio de mariscadora aprendeuno da avoa, da nai e das tías; lembra ir á praia canda elas dende que tiña uso de razón, xunta á súa irmá. Vendían o marisco e o peixe do pai polas casas da zona: "Pasaba un día e xa quería que chegara o seguinte para volver traballar ao mar". A partir da creación da Agrupación, compaxinou o seu traballo de mariscadora con outros por conta allea.

Marisol Riveiro naceu na Cañiza no 1951. Chegou a Vigo para traballar sendo aínda unha nena. Xa de casada, apareceu un día no mercado de Canido Paulina (persoa ben coñecida e dedicada desde sempre ao mar) e díxolle: "Vén comigo, rapariga, que para comer vas levar". Marisol aprendeu dela o máis importante do oficio. Nos seus inicios apañaba ameixas, berberechos, polbos, nécoras... para o consumo da familia; pero coa creación da Agrupación, sabía que debía formar parte dela.

M^a Carmen García naceu en Vigo en 1952. Traballou desde os 16 anos nunha empresa do téxtil. Iá á seca pola súa conta para comer e para o campo, pero oficialmente dedicouse ao marisqueo cando se fundou a Agrupación, con caras coñecidas como Maricha, e deixou o seu traballo por conta allea para dedicarse ao mar e ao campo. "A profesión do mar aprendina soíña, miraba as demais e eu facía o mesmo".

M^a del Rosario González, Charo, nada no Rosal en 1954, chegou a Vigo con 17 anos para traballar na hostalaría como camareira e cociñeira. Casada cun mariñeiro, ía á seca coa súa cuñada Maricha e outras familiares do seu home, que lle aprenderon a mariscar para o consumo da súa casa. Compaxinou o seu traballo como mariscadora con outros por conta allea toda a súa vida.



A finais dos anos 90, coa profesionalización do sector e a creación das distintas agrupacións dentro das confrarías da ría de Vigo, as mariscadoras de Vigo, con Maricha á fronte, non quixeron perder o seu espazo de traballo e, despois de moito teimaren cos responsables políticos da época, as súas demandas chegaron ata o Parlamento galego.

Preocupación por las mariscadoras de Canido

La diputada socialista Dolores Villarino ha entregado, en el Parlamento de Galicia, una serie de preguntas, dirigidas al consejero de Pesca, en las que se interesa por el futuro de una veintena de mariscadoras que faena, durante la temporada, en las playas de Canido y de Toralla. Dichas mariscadoras pretenden legalizar su situación, pero sólo han encontrado dificultades en la Xunta. La diputada pregunta por los requisitos que necesitan, después de treinta años de mariscar.

No mar eran felices e sentíanse orgullosas das súas capturas. Contan que a profesionalización do sector e a súa cotización á Seguridade Social deulles unha tranquilidade que antes non tiñan; con todo, o marisqueo non lles daba ás veces para pagar a cota e tiñan que recorrer aos aforros familiares.

Lembran con tenrura como se axudaban nos días máis duros, os cartos que levaban para a casa, sobre todo no Nadal, e como rían e gozaban do seu traballo, "ir ao mar" foi a súa vida.



#incansables #loitadoras #traballadoras
#amábeis #humildes #SonSereas

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA | Ano da **mu\$ica**